



# CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 – Teléf. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

## *BASES CONCURSO FOTOGRAFÍA*

### **1ª Edición - Certame fotográfico “Barreiros, un mar de praias”**

#### **1.- Obxecto:**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de fotografía organizado polo Concello de Barreiros, para a promoción dos valores paisaxísticos, artísticos ou culturais deste concello. Ditas fotografías posteriormente serán empregadas para a elaboración do calendario anual municipal.

#### **2. Participantes.-**

Poderán concorrer a este certame fotográfico todas as persoas maiores de 18 anos que o desexen, sexan profesionais ou afeccionados, sempre que os seus traballos se axusten ás bases do mesmo.

Unha mesma persoa non poderá participar con distintos pseudónimos nin se admitirán varias solicitudes distintas do mesmo pseudónimo.

#### **2. Temática.-**

A temática do concurso será *libre* e entenderase pola mesma, a presentación de imaxes que recollan a riqueza paisaxística, cultural, artística, etc.... do noso concello.

#### **3. Características das fotografías.-**

- ✓ As imaxes deberán ser necesariamente orixinais e inéditas.
- ✓ Todas as fotografías presentadas terán que estar libres de dereitos a terceiros.
- ✓ As imaxes poderán ser en color ou en branco e negro, non admitíndose a manipulación dixital das mesmas.
- ✓ As fotografías deberán presentarse impresas en formato 10x15 e nun CD en formato de extensión **JPG** e un tamaño de arquivo entre 1 e 4 MB (Megabyte) por fotografía.
- ✓ Cada participante poderá presentar hasta un máximo de **catorce fotografías**
- ✓ O contido das mesmas necesariamente estará relacionado co tema do concurso.
- ✓ As fotografías presentadas pasarán a ser propiedade do Concello, que se reserva todos os dereitos sobre as mesmas e poderá utilizalas posteriormente con fins culturais, artísticos ou publicitarios, citando sempre o nome do autor; aténdose, en todo caso, ao que dispón a Lei de Propiedade Intelectual.
- ✓ Os participantes responden ante o concello da autoría da fotografía e asumen a plena responsabilidade ante calquera reclamación que neste sentido podan efectuar terceiras persoas, incluídas as derivadas dun incumprimento da lexislación sobre o honor, a intimidación, injurias, calumnias e dereito á imaxe ou por imaxes que se podan considerar difamatorias ou obscenas.
- ✓ O concello non aceptará aquelas fotografías que considere que podan resultar ofensivas, que atenten contra as normas sociais de convivencia, que non respondan a uns mínimos criterios estéticos, que podan ferir a sensibilidade da cidadanía ou a imaxe dunha



# CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 – Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

persoa, entidade e/ou institución, que sexan de carácter político ou relixioso, que constitúan unha apoloxía da violencia en calquera das súas manifestacións, que promovan o consumo de drogas, tabaco e bebidas alcohólicas, as de contido racista, xenófobo, sexista ou contrario ós valores democráticos.

- ✓ Todas aquelas fotografías que non cumpran algún dos requisitos establecidos nas presentes Bases quedarán fóra do concurso.

## 4.- Forma de presentación e envío.-

**Presentarase no concello de Barreiros un sobre pechado identificado unicamente co pseudónimo e co seguinte contido:**

- **as fotografías impresas e co pseudónimo escrito no reverso.**
- **o CD e no que figurará escrito tamén o pseudónimo.**
- **un sobre pechado no que se incluírá un documento co contido do anexo I destas bases e copia do DNI da persoa participante.**

## 5.- Lugar de entrega e data de presentación.

As fotografías presentarase preferiblemente de forma presencial no Concello de Barreiros, sito na rúa Vila, 63, San Cosme de Barreiros (cp: 27790) inda que tamén se poderán remitir por correo postal mediante carta certificada dirixíndoas á mesma dirección.

**A data límite de presentación será o día 15 de setembro de 2018.**

Para aquelas fotografías que se envíen por correo, considerarase como data de presentación a amosada no selo de correos.

## 6.- Xurado.

O xurado será designado polo Concello, entre persoas competentes no arte fotográfico e/ou artístico. O xurado resérvase o dereito de interpretación das Bases do presente concurso e de resolución dos casos non contemplados, de acordo co seu mellor criterio.

**O fallo do xurado será feito público o día 20 de setembro de 2018 e será inapelable.**

Darase publicidade do fallo mediante comunicación telefónica aos participantes premiados, publicarase na páxina web do concello e nas redes sociais. O xurado resérvase o dereito de declarar desertos os premios que se establecen no apartado seguinte, se os traballos presentados non reunisen, ó seu criterio, os méritos suficientes.

A mesma persoa non poderá recibir os dous premios.

## 7.- Premios.-

Establécense os seguintes premios:

**1º Premio: 100 €**

**2º Premio: 50 €**



# CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 – Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

## **A entrega de premios realizarase nun acto público o día 27 de setembro de 2018 no Centro Sociocultural D. Manuel Díaz Sampedro ás 12 horas.**

Os autores ou autoras premiados comprométese a recoller os premios no acto de entrega citado anteriormente e onde se poderá observar unha mostra coas fotografías premiadas e cunha selección das mellores que non resultaran gañadoras. En caso excepcional e xustificado de non poder asistir ao acto, a persoa premiada poderá recoller o premio nas oficinas municipais con posterioridade.

No acto farase entrega dunha tarxeta acreditativa do premio recibido.

Para recibir a contía do premio deberán presentar no concello xustificante bancario do seu número de conta para realizar a transferencia da contía que corresponda segundo o premio.

## **8.- Protección de datos de carácter persoal.-**

A mera participación neste Concurso implica a total aceptación das Bases Reguladoras do mesmo, condicións, requisitos e obrigas contidas nas mesmas.

A concorrencia ao proceso implica a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación, conforme ó establecido na normativa sobre Protección de Datos de carácter persoal.

## **ANEXO I (Documento a incluír en sobre pechado co CD das fotografías e con copia do DNI)**

Pseudónimo:

Nome:

Apelidos:

DNI:

Domicilio:

Telefono de contacto:

MANIFESTO a miña intención de participar no Certame fotográfico “Barreiros, un mar de praias”, organizado polo concello de Barreiros, aceptando totalmente o establecido nas bases reguladoras do mesmo.

Data:

Firma: